

174



A NOSA TERRA

Idearium das "Irmandades da Fala"

ANO MCMXXII



PRECIOS DE SUSCRICION: Na Cruña, mes, 40 ctmos.; Fora, trimestre, 1'50 pesetas. América, trimestre; 2 ptas.; Ce ste d'un número, 15 ctmos.—Pagos adelantados

Redación e Administración: Praza Maria Pita. 17. baixos. A CRUÑA

CERVANTES

Librería, Papelería e Imprenta

TELEFONO, 456

Rua Real, 49

A CRUÑA

FERRER



REAL 61, CORUÑA

NOVELTY

Planchadeiro de moda - Grandes talleres

DE LAVADO E PRANCHADO DE ROUPA NOVA E DE USO

Despachos centrais: A CRUÑA, Cantón Pequeno 12
VIGO, Praza da Constitución, 12

Sucursals na Cruña: Estreita de San Andrés, 12
Praza de Azcárraga, 4-San Agustín, 22

Sucursal en Vigo: Circo núm. 5

Todal-as nosas sucursals ostentan un letreiro como sinal, que, reproducen a marca de garantía xa coñecida.

Recíbense encárragos de fora, e-espídense por meio das nosas sucursals. Si no lugar onde vostede reside non-a hai, sírvase manifestarnos seus desexos de mandár os seus encárragos.

Os viños e coñas millores

os que exporta a casa PEDRO DOMEQ de **Xerez da Fronteira**, fundada en 1734. A casa máis antiga de Xerez.

O vermouthe máis selecto

de mundial e reconocida sona é o **Cinzano** (Torino).

Para viños de mesa

non hai outros com'os dos cosecheiros exportadores señores

R. López de Heredia (Haro)

Casa Central: PLAZA DA EQUITATIVA-MADRID

Representante exclusivo (matriculado) de todas estas marcas:

JOSÉ C. JUNCOSA

Galera 39 e 41 - 2.º piso - A Cruña

Banco Español del Río de la Plata

Sucursal na Cruña - Casa matriz: BOS AIRES

FUNDADO EN 1886

Capital. . Pesos 100.000.000'00 m/ ou sexa Ptas. ouro 220.000.000'00

Fondo de reserva (ineruida prima a recibir) Pesos 50.055.224'97 m/ ou sexa Ptas. ouro 110.121.797'93

Ten sucursales nos puntos seguintes:

REPÚBLICA ARXENTINA: (Casa matriz, Bos Aires), ROSARIO DE SANTE FÉ, BAHÍA BLANCA e principais prazas da República

NO URUGUAY: MONTEVIDEO — NO BRASIL: RIO XANEIRO

EN EUROPA: MADRID, BARCELONA, VALENCIA, VIGO, BILBAO, A CRUÑA, SEVILLA, PARÍS, LONDRES, XÉNOVA E HAMBURGO

A Sucursal da Cruña encárgase de efectuar por conta dos seus clientes toda crás de operacións bancarias nas condicións máis favorabeis e acretará intreses nas contas correntes, tanto en pesetas como en moedas estranxeiras a tipos excepcionalmente ventaxosos

En conta corrente, intrés anual	2	por 100
En Caixa de Aforros, con libreta hasta 1.000 ptas.,	3	» »
En prazo fixo de tres meses	3	» »
Idem id. 6 meses	3 1/2	» »
Idem id. un ano.	4	» »
A máis prazo		convencional

Dirección telegráfica y telefónica: SPAINBANK.

A NOSA TERRA

BOLETÍN QUINCENAL
ANO VI — NÚMERO 174 — 1.º NADAL 1922



RETRATO DO IRMAN CARBALLAL CANDO A
PUBLICACIÓN DO SEU CONTO «O TESOU-
RO ACOBILLADO.» (10 MARZAL 1919.)

Ricardo Carballal

Un amigo quirido, un irman distinto, un loitador pol-a causa da Terra, deixounos para sempre o día 16 deste mes, en que a morte segou a súa vida. A nosa alma quedou fondamente magoada coa perda do inquescente Ricardo Carballal.

Foi un dos fundadores da «Irmandade da Fala» na Cruña, foi xornalista en lingua galega e foi tamén un vidente nas evolucións que foron sucedéndose no desenvolvemento do nacionalismo. A morte, di o noso colega *El Noroeste*, fixo presa nél despiadadamente e de xeito lento; mais se poido apoderarse da súa mocidade, non logrou en troques apouvirar o seu espírito, que se mantivo rexo e forte, aínda n-aqueles instantes en que vía que a vida se lle esvaía.

Carballal, como a maoría da nosa mocidade, buscou en terras de lonxe o acedo pan que a terra non dá aos seus fillos. Na emigración pasou por total-as angurias, por total-as feridoras saudades que fan compañía ás almas nobres e enxebres. Despois de unha loita sin nome logrou tornar a Galicia, e aquí siguiu a mesma loita, dura, estreita, sin esperanzas, en que a un día sin sol sigue despois a desesperación d'outros días igualmente atafegantes. Dos seus labios, sinceiros sempre, temos ouvido a confesión das suas fondas tristuras, que nos magoaban dobremente porque Ricardo non era merescente de que os fados tratáranos tan sin piedade.

E na súa alma, sensibre e forte, envolta en tristuras que dinamente acalaba, alma chea das mais nobres rebeldías, entre as tebras que decote o envolvían, brilaba unha lus agarimosa e aloumiñante, lus benfeitora que alumaba ao lonxe a visión d'unha Galicia libre, a redención de todol-os galegos. Ese era o sagro ideal, a esperanza cobizada que mantiña, no medio dos seus infertunios, ergueito e firme o seu nobre espírito.

Na biblioteca *Terra a Nosa* deixou mostras do seu valer. El foi a alma d'esta publicación, que espallou o coñecemento da nosa literatura. El foi un irman da fala, sempre consecuente, sempre disposto a todol-os sacrificios; foi o primeiro administrador de A NOSA TERRA e na colección da nosa Revista pódense atopar moitas probas de seu gran valer literario.

A súa morte será sentida por todos nós mentras alentemos sobre esta terra chea de tristuras.

O día 17 deste mes acompañamos ao cimiterio ao quirido Carballal. O seu cadavre foi envolto na bandeira da Terra, e as nosas oracións foron bágoas de fonda amargura. Unha tarde d'outono veu baixar ao seo da terra o corpo do noso irman; e as tebras da morte borrou o seu nome d'entre os vivos. Mail-o o noso corazón dinos, en falas sinxelas, que a lembranza do irmán morto, non morrerá xamais; e si algunha vez atopamos a súa alma nos espazos onde vagan, xa sabemos o que temos que dicirlle para que Ricardo sinta un pulo de felicidade.—«Irman, os que quedan alá abaixo siguen loitando pol-a libertade da Terra: o día do trunfo, que non está lonxe, teu nome será citado entre os bós e xenerosos.»

CONTESTANDO A RISCO

O Nacionalismo e a Política

Sinto moito que viaxes e doencias me non deixasen contestar denantes ao artigo con que Vicente Risco se sirveu honrar o que eu pubriquei na NOSA TERRA en col d'iste asunto. Mais sempre é grato dialogar con xente da aristocracia mental de Risco; e ademais esta conversa tén algo do encanto imprevisito do método de Ollendorf: eu contestei a Lustres Rivas; a min contéstame Risco; eu dixen unhas cousas e Risco contesta a outras que non dixen, e a maioría das que dixen deixas incontestadas.

Risco para cincelar unha resposta intresante—coma total-as suas cousas—tivo que interpretar caprichosamente o meu pensamento. Onde eu digo *finalidade fundamental*, quere él que se lea *finalidade exclusiva*. E isto é do menos; o de mais é que quere buscar unha incompatibilidade entre o meu pensamento político e a misión civilizadora da nosa Terra, sin se dare conta de que no mesmo artigo afirmo que a nosa personalidade galega tén que cimentárese n-unha cultura nosa, na nosa lingua, no noso dereito, na nosa facenda. ¡Que de nada vale unha soberanía para seguir falando en castelán, e non rehabilitar os nosos estudos, artes, etc! ¡Pero si percisamente é por iso, para rahabilitar e superal-os nosos valores, pol-o qu'eu recramo a liberdade política para a nosa Terra, porque coído incompatibre a soberanía do Estado hespañol e-o desenrolo das nosas enerxías civilizadoras! Por iso o canto que Risco entoa á misión cultural dos pobos non fai mais que consolidar, con mais elegancia e xusteza dende logo, os puntos de vista do meu primeiro artigo.

Pero certamente Risco fala con un xeito autoritario que non deixa marxén á discusión. Comenza afirmando que xa tén dito outras veces que Lustres Rivas casi sempre tén razón. Y eisi decretada a infabilidade de Lustres, parece unha irreverencia sacrilega o discutilo. Sigue despois dicindo que xa na súa "Teoría do Nacionalismo Galego", tén fixado o seu criterio en col da política; coma si fora cando menos incorrecto pensar de xeito distinto a como Risco pensa no seu libro. Pol-o derradeiro, con unha piadosa unción de *pater familiae*, sabe perdoarme *lato sensu* os erros da miña labor nacionalista. Despois d'isto calquera contesta miña aparcería coma un imperdoable desacato.

Por iso non vou a discutir, mais somentes a fixar ben os feitos. O punto fundamental da miña contestá a Lustres Rivas foi negal-a afirmación por él feita de que o nacionalismo galego se decrarara por unanimidade apoliticista na Asambreia de Monforte. Risco con toda a súa autoridade, vén a darme a razón ao afirmar que n-aquela Asambreia isa custión quedou ó arbitrio da Xefatura Suprema da I. N. G. Fora d'isto todo o demais é d'un intrés circunstancial. O que eu pretendía, o que non podía tolerar, era que quedase no aire, coma unha ameaza de morte para o nacionalismo, aquela afirmación suicida de que o nacionalismo non había de actuar en política. Despois, en xeito de aditamento, considereime obrigado a expol-o meu criterio respecto da nosa actuación nacionalista; e que n-esta segunda parte non estañamos conformes Risco mais eu a ninguén pode intresar; isa é unha custión doutrinal e si todos opinásemos do mesmo xeito, a vida tería unha monótona perspectiva que nos enchería d-un aburrimiento insoportable.

O meu pensamento podo esquematizal-o eisi:

"Eu quero que Galicia entre no concerto dos pobos civilizados; quero que fale a súa lingua, que desenrole a súa cultura, que aporte o seu esforzo á civilización da Hu-

manidade; mais atópase escravizada por un Estado político que lle impón unha lingua, un dereito e unha cultura alleas, que lle afoga as suas fontes de riqueza; por iso os galegos debémonos organizar en cruzada miazosa e forte para o acabamento d'ise Estado".

Quen esteña conforme con este pensamento tén que reconocer que a finalidade fundamental da nosa organización é unha finalidade política. Esta finalidade da nosa loita é un medio para o trunfo do noso ideal. Velá como resulta que o medio é un fin, e o fin é un medio, según de donde se mire; como resulta armonizada aquela discrepancia metafísica de fin e de medio que tanto alarmaba a Risco.

A disparidade fundamental entre o criterio de Risco e mail-o meu está en que para él o nacionalismo non é mais que un problema de cultura; e para min, sendo un problema de cultura, é denantes de todo un problema de liberdade. Risco no seu libro que cita, "Teoría do Nacionalismo Galego", fai as seguintes afirmacións: "Nós non queremos faguer de Galicia unha nación soberana"... "Nós recoñecemos dende logo a soberanía do Estado hespañol"... "As nosas reivindicacións non atentan en nada á soberanía do Estado hespañol". Pois frente a esta convivencia que Risco admite, eu procramo a mais ausoluta incompatibilidade do Estado hespañol e-o ideal nacionalista. Por iso Risco non lle otorga ningunha importancia á actuación política. Eu de min sei dicir que hasta d'agora non sentín a necesidade de contal-as pedras que compoñen-o arco da Irexia onde me bautizaron, mais teño sentido moitas veces con auguria fonda total-as traxedias da nosa cidadanía irredenta.

Si o non tomara por descortesía farialle as seguintes preguntas: ¿Tí, que eres profesor, podes falar galego na cátedra? No teu ensino non estás agrilloado por un sistema oficial que tés que respetar? ¿Tí podes facer valer diante os xueces o Dereito que vive no pobo galego frente do dereito escrito nos Códigos hespañoles? Oxe é custión quente a do Archivo de Galicia; isa fonte viva da nosa cultura histórica non ficaría apodrecida nos sótanos d-un pazo militar si Galicia fose soberán de sí mesma. Y é que no fondo de todo movemento cultural tén que haber un movemento político, com otodo movemento político non é mais que a cristalización na concencia colectiva do desenrolo cultural do pobo.

A cultura non tén por finalidade arrincar da concencia do pobo homes superiores que despois non se entendan con ela, sinon a forxar unha alma colectiva, un principio espiritual que armonice os seus esforzos para que o pobo chegue a ser intelectualmente aquilo que xa é por natureza. E ista unidade espiritual recrama a súa liberdade co mesmo imperio con que nos séculos idos as vellas xeneracións loitaron pol-as liberdades do individuo. Este é o ideal nacionalista, que como cuestión previa plantéanos sempre un problema de liberdade, é dicir, un problema político.

O mesmo Risco vén a reconocelo eisi. Non teño culpa das suas contradicións, pero no seu folleto atoparía elementos d-abondo para estrutural-o meu pensamento. "Nacionalismo galego—dí Risco no seu folleto—é a doutrina que informa o movemento de reivindicación da personalidade de Galicia frente da sorbencia do centralismo hespañol". Adimitindo como boa esta definición—para min o nacionalismo non é unha doutrina—aparece este coma un movemento de loita contra d-unha realidade, o centralismo, que é unha realidade política. E agora pergunto eu:

¿En qué se distingue o fin que Risco señala ó nacionalismo, consistente en reivindicar a nosa personalidade frente da sorbencia do Estado hespañol, do fin que eu señalo, consistente en conquistar para a nosa Terra o dereito

a dispoñer de si mesma e a rexir libremente os seus destinos? Ambas frases expresan o mesmo pensamento. Si él non está conforme coas miñas verbas, eu estou conforme coas súas. Velai por onde inda que él non queira vamos estando d'acordo. Ademais entre os fíis que señala ó nacionalismo fálanos da recostitución política de Galicia; como programa do nacionalismo propón os acordos das Asambleas de Lugo e Santiago, todos eles fundamentalmente políticos. No seu artigo cita a Edmón de Valera; mais oxe Irlanda téñ o seu idioma oficial e total-as liberdades culturais. En qué consiste, pois, a discrepancia entre o xefe "sinn-fein" e o Goberno irlandés? Somentemente que de Valera quere para a súa Terra unha soberanía completa, é dicir, que para de Valera a finalidade principal consiste en conquistar para a súa Terra o dereito a rexir libremente os seus destinos. Ou perdín o significado das verbas, ou os argumentos de Risco parecen feitos para confirmar o meu pensamento.

O resto do seu artigo téñ algo de película norteamericana; son cousas episódicas que nada intresan. Somentemente queda por contestar a referencia que fai ós nacionalismos dos Estados soberanos, coma o de Alemaña, Francia, Italia, etc. Mais ises nacionalismos son diferentes, aínda máis, opostos ó noso, que é a reacción contra d-unha tiranía; e aqueles veñen a sere a adulteración d-unha liberdade. D-esto falaremos n-outro artigo.

L. PEÑA NOVO.

Hai que ser galegos

Foi sempre o ideal dos bos galegos conquistar ás mocedades académicas para a defensa da personalidade de Galicia, e decote estivemos sementando nas súas almas as arelas pol-a dinificación e reintegración dos nosos valores espirituais. En verdade, que agás d'algúnhas escepciós, o tempo foi perdido, e as mocedades galegas siguen xordas e indiferentes aos meirandes problemas que hoxe desacougan as concencias.

Non se decatan, non, de que no mundo a grande guerra pranteou problemas de liberación, que aplicados á nosa Terra serían o formento do seu progreso; que a reivindicación da nosa fala, dos nosos costumes, do dereito tradicional, de todo aquilo que fai parte dos nosos valores como pobo, e ademais sustantivo coa nosa liberdade e coa nosa dinificación como homes.

Pol-a contra, están casi sempre d'espaldas para a terra, axexando cobizosamente as androxinadas dos alleos, repetindo os modos e frases de Madri, valeiras de senso, e facendo copia de todol-os actos *febles* que, por seren casteláns/ coidan que son escolleitos e distinguidos. A mocidade galega, para ser proveitosa, ten de ser orixinal e consecuente có ambiente en que vive nos patrios eidos.

Non, non hai dereito a seguirmos así. Non debemos, nin podemos, poñernos ao marxe da vida, renunciando ao que é noso namentras que todol-os demais afirman as súas particularidades como pobos distintos. É unha conducta suicida e desleigada, que temos que desfacer protestando alto e forte, ata que as concencias desperten aceptando as realidades, que són problemas de vida ou morte para Galicia.

Cando a política-policíaca descargaba os rompe-cabezas sobre os obreiros, ou imponía quincenas á va, ou rompía cos dereitos reconecidos nas leises de reunión, ninguén se queixaba, por moito que berrasen os cidadáns avisados contra d'aquelas infranciós. Mais abundou que aquela política caera sobre os señoritos para que agora se proteste por todol-os medios, aínda por aqueles, verdadeiras parvadas,

de adequirir sabres de folla de lata simtilando cargas e loitas, que resultan verdadeiras choqueiradas, e facendo folgas que sómente perxudican aos estudantes e á seus pais, e que ao celebrado señor Millán non lle producirá nin frío nin calor.

Agora, nestes momentos, están as cárceres de Tuy e de Pontevedra acuguladas de labradores, vítimas da política caciquil. Con esta persecución quérse afogar o movemento agrario, que leva por bandeira a liberdade da terra, sin foros nin cargas feudatarias, e a conqerición da persoalidade de Galicia. As nosas mocedades non se ocupan de tales cousas; están pendentos dos cantares que os estudantes de Madri adican ao xefe da policía porque—con toda seguridade fora de razón e con xeito brutal—crocaron a cabeza d'uns cantos rapaces.

Estudantes, os traballadores dos agros galegos, os que traballan as terras de onde veñen os cartos para pagar as vosas matriculas, padecen persecuciós pol-a xusticia.

Estudantes, á ser galegos, á ser homes consecuentes coa terra que vos mantén.

PAULOS D'ANDRADE.

POUTAZOS

Cada día sintome máis extranxeiro n'este Madrid que onte botaba a broma nas rúas as cousas máis tráxicas.

¡Si en troques de ser galego, fose hespañol, houbera renegado para sempre da miña patrial

Basilio Alvarez.

É MESTER REITIFICAR

As duas crases de nazonalistas

En Galicia hai duas crases de nazonalistas.

Son uns os que xa de moi atrás viñan laborando en pro da causa galeguista: os que constituíran a "Liga Galega", primeira entidade nazonalista, que tiña por idioma oficial o da Terra, e por órgano aquela "Revista Galega" que saíu semanalmente durante doce anos, e máis tarde o primitivo quincenario "A Nosa Terra"; os que ergueron en Carral o moímento aos mártires da liberdade; e que, en fin, contra o sentir xeneral mantiveron sempre o seu espírito de galegos conscentes, purificaron o noso idioma adoutando unha maneira culta de escribir, iniciaron no estranxeiro, e sobre todo en Portugal, o intercambio literario e cultural entre os homes de ciencia e de letras, e somentaron de cote as ideas de redención para Galicia, sendo tamén os fundadores da primeira "Irmandade da Fala".

Os novos nazonalistas son os que apareceron agora, que se sintiron nazonalistas de pronto, por un impulso súpeto; os que se pregoan a sí mesmos como únicos e verdadeiros nazonalistas e que non queren reconecer nen-o amor á Terra nen a labor dos outros; os novos nazonalis-

tas son os que quixeran queimar todo o noso pasado literario; os que teñen un órgano de publicidade que eles mesmos intitulan "da cultura galega"; son os que aproveitan total-as ocasións para falaren de si mesmos, dos seus traballos, das súas colaboracións nas revistas estranxeiras; son, en fin, os que tachan, censuran e silencian canto non sexa feito por eles, para que se vexa que realmente eles son os bós, os únicos.

É pena que os poucos que sentimos ferver o ideal redentor para a nosa Terra (eu non quero creer que os novos nazionalistas o sexan unicamente por interés ou por vanidade, inda que o pareza, a xusgar pol-as súas verbas e pol-os seus feitos) estemos tan arredados. Eu estimo que en Galicia hai campo para que todos traballen; que é preciso intesificar mais o espallamento do salvador ideal agora que o sistema de Goberno centralista apodrece mais cada día, e que certos procedementos, mostra a catividade de espírito que os anima, débense deixar á un canto, para laborar sómente en ben da Terra.

Nós estivemos sempre calados agardando á ver o que os membros da nova "Irmandade Nazionalista" facían; esperábase que a súa labor fose mais intensa e mais froitífera que a nosa; que as súas obras filolóxicas, socias, históricas e literarias superasen ás dos vellos escritores; que os mítins de propaganda, as creacións de organismos, todo o que, nunha verba, representa cultura e vida adiantase d'un xeito arrollador por Galicia adiante.

Mais pasou o tempo e todo continua na mesma. As "Irmandades da Pala" van seguindo o seu camiño paseñamente; a "Irmandade Nazionalista" vai tamén á pasos contados, e onde mais se manifesta a vida dos seus membros é nas "rabuñaduras" que por veces pretenden facer na sona dos que eles chaman despeitivamente *vellos*.

¿Esto vai seguir así? ¿Imos os galeguistas á nos enredar en xenreiras e persoalismos en vez de adicar as nosas enerxías a laborar pol-a redención da Terra?

Uns e outros teñen cualidás boas que louvar, e malas onde roer; deixemos eso de parte e poñamos o pensamento sómente en Galicia.

Tempo virá en que cada un representará o que mereza representar; non nos apresuremos.

LEANDRO CARRÉ.

Fume vosté con papel

NOROESTE

COUSAS

Ainda que sexa sen afondar moito no asunto considero comenente facer unha comparanza entre o momento actual da Hespaña oficial e a actualidade galega.

Abonda con ollar as cousas que están pasando na Hespaña e os feitos que estamos presenciando na Galicia, para se decatarse axiña da enorme diferenza que hai entre uns e outros. ¿Que nos amosstra Hespaña? Unha desorganización e unha inmoralidade tremendas en total-as súas manifestacións. Todo o que leva o marchamo hespañol é noxento. A organización do Estado é unha cousa caduca que está caéndose a rachós. O pobo é cobarde, non tén vida. Nos altos organismos oficiás non se ven mais que inmoralidades a feixes. O favoritismo e o roubo imperan. Cada ún fai o que mais lle convén. O patriotismo hespañol é unha cousa do mais cómico e ridículo. Analfabetismo por todas partes. A Facenda en bancarota. O Exército, ¡válgame Dios! Desastres. Impunidade para todol-os actos

delictivos. Presidarios desgobernando o Estado. Ministros analfabetos. Caciquismo. A mocidade morrendo n'unha guerra imperialista, infame e inhumana. Non nos metamos a falar do que pasa en Africa, porque non remataríamos nunca. Persecucións contra os obreiros. A chulapería e o flamenquismo donos e señores de todo. Hasta a literatura está en completa desfeita. Nón se escriben mais que cousas indecentes. Belda e "El Caballero Audaz" son os amos. En fin, ¿para qué seguir? Abonda con botar unha ollada por superficial que ésta sexa para se dar conta da podredume fedenta que impera en todo.

En troques ollemos para a coñsoladora actualidade galega. O pobo canso de sufrir as inxusticias e os aldraxes da opresión xúntase n'un resurdir glorioso que camíña a unha velocidade enorme. A folga agraria de Pontevedra é un feito prometedor de grandes cousas. As artes, a literatura, todo o que constitúe a nosa propia vida, a nosa alma está n'un momento enerxético que nos fai concebir as mais ledas espranzas. Ollemos o estado actual de Galicia e comparémol-o co'a súa situación fai cinco ou seis anos e verase a enorme diferenza que existe. Do actual rexurdir galego tense xá falado moito e non imos facelo agora pois caeríamos na repetición. Ninguén, agás os parvos, dubida xá que a nosa Patria está vivindo un rexurdir glorioso que nos traerá unha maior liberdade para a nosa Terra.

E unha realidade que mentras Hespaña desfaiase apodrecida, Galicia estase organizando n'unha nova vida mais libre e mais pura que a que viñemos vivindo hasta fai pouco por consecuencia do noso sometimento a ésa Hespaña noxenta que afortunadamente vai camiño de morrer. Eu quero poñer de manifesto éste feito para que se decaten d'él esos galegos que inconscientemente sintense atacados da febre hespañolista.

O rexurdimento galego está no movemento nacionalista que cunde por Galicia adiante. Aos galegos hespañolistas quedalles dous camiños. Ou ser hespañoles con total-as consecuencias que significa o sel-o e que xá deixei apuntadas, ou ser galegos. N'este caso, teñen necesariamente que seren nacionalistas. A elección coido que non é dúbida. D'unha banda está podredume, a morte. Da outra está a pureza, a vida. A realidade faraos inclinar d'unha ou d'outra banda, pois os dous camiños están perfectamente marcados e siguen o seu curso. A desaparición da Hespaña actual e o florecimento vivente de Galicia. Non hai forza humana que poida deter as súas carreiras. Os que caían do lado verdadeiro, da veira galega, xurdirán a unha nova vida, pura e nobre. Os que non, morrerán afogados entre as miserias e cousas fedentas que levará consigo a desaparición d'aquelo que non tén dereito a existir e cúa morte vése vir a galope desenfrenado.

VICTOR CASAS.

A LOITA AGRARIA EN GALICIA

Unha folga de labregos en Pontevedra

Nunca tan forte e valente coma este ano o movemento agrario en Galicia. Pode decirse que xa chegou o tempo da sega, as horas quentes e roxentas en que está a caer o froito da vitoria. Sempre no agro galego latexaron indómitas enerxías de redención, namentras as vilas se deitaban a morrer, afogadas por un cursi espíritu de colonismo. O ronco s'ón miazoso da nosa baruda raza labrega tivo sempre en eterno desacóugo aos nosos caciques. Mais as enerxías perdíanse estériles moitas veces coma as ferrenzas das nosas montañas. Era que ao movemento agra-

rio faltáballe un espírito de enxebreza. Agora os labregos déronse conta de que non abonda loitar contra dos consumidores, contra das Diputacións, ou en procuro somentes de melloras económicas. Decatáronse da escravitude da nosa Terra, e de que para seren cidadáns libres, hai que liberar denantes a Galicia do centralismo que a abafa, que a zuga coma un vampiro. Hoxe o movemento agrario por instinto, por sentimento e por necesidade é un movemento de redención nacionalista; atopou o espírito, a alma da Terra; e con ela triunfará.

Por iso xá chegaron as loras quentes e roxentas do triunfo. Nunca tan forte e valente o movemento agrario. E por iso nunca tan forte tamén, nunca tan desesperada e cega a acometida dos caciques contra das organizacións agrarias. Deféndense os caciques con total-as suas artes noxentas e cobardes coma os raposos. As maiores inxusticias, os mais desatentados atropellos que son norra de goberno n-esta aprobechada Hespaña, teñen a culminación mais sanguinieta, impune e tiránica no campo galego.

As organizacións agrarias de Pontevedra e Ourense son o mais outro exemplo de civismo que se tén dado en Galicia; por algo están acesas na rebeldía santa do gran sementador Basilio Alvarez; e tamén porque n-aquelas terras o caciquismo de Bugallal é o mais odioso de cantos tén sufrido Galicia; por iso a reacción alí tamén é mais rexa e fulminante. Naquelas terras xá non se pagan os foros; e por iso o xuez de Tuy (¡ouh xusticia santa, con cantas xusticiadas te axustician!) meteu na carce aos membros de total-as directivas agrarias pol-o feito de seren directores de asociacións protexidas pol-a ley; e esixitelles mais de 70.000 pesetas de fianza para que non poidan saír da cadea. Por iste motivo decrarouse a folga agraria en toda a provincia; é a folga mais xusta de cantas tén habido. Por causa dos atropellos caciquiles teñen que pasar fame os vilegos; estalles ben empregado pol-a sua indolencia suicida diante da traxedia agraria, coma si o campo non fose a fonte da riqueza material e espiritual de Galicia.

Nós, con total-as nosas forzas, en nome de Galicia, en nome da Xusticia e da Libertade, protestamos contra eses bárbaros procedimentos caciquiles que nos avergonzan diante dos pobos civilizados. Mais con esa protesta vai tamén a nosa vós d'alento, frente coma un berro de loita e de triunfo para os agrarios de Pontevedra. Total-as causas xustas teñen mártires no vispera da victoria, porque as causas con mártires son invencibles. E iso era ó que faltaba aos agrarios galegos; hoxe xa teñen mártires que están sufrindo na cadea persecución pol-a xusticia; e a protesta heroica d'ises homes resoa nos ouvidos dos caciques coa maxestade funeral d'unha sentencia; e entre os montós de papel d'oficio que os asalariados escriben istos días para castigar inocentes o destino está, con máñ segreda, escribindo tamén duas páxinas, sagradas e inmortales coma un Evanxelio: a sentencia de morte do caciquismo centralista, e a partida de nacimiento d'unha Galicia libre e democrática, d'unha terra libre e farturenta para unha raza boa e xenerosa.

* * *

Xá na imprensa a nota anterior, chega a nós a noticia do suceso ocorrido en Sobredo, onde tres homes e unha muller morreron cruelmente asesinados pol-os viles e cobardes mausers da "Guardia incivil". Un nome mais temos que engadir ao sant omartiroloxio galego. Osera, Nebra, Narón, Sofán. Agora Sobredo. Son charamuscas da gran labarada que se aveciña, que os caciques aínda con esos procedimentos non poderán conter e que abrasará as suas concencias de cóbrega.

A "Irmandade" da Cruña fixo varios actos de protesta e prepara para o domingo 3 un gran mitin.

Nós, profundamente indignados e co'a carraxe nos beizos, ao protestar contra este novo crimen salvaxe, que-remos enviar aos agrarios galegos un berro:

¡Adiante, adiante, que o triunfo é voso! ¡Qué importan mais vítimas ante a magnitude da Causa? Xá tendes mártires. Agora a non desmaiar, que Galicia tén postos en vós os seus ollos arelantes.

E derradeiramente diremos que está ben probado que pol-a persuasión e sin se saír da normalidade se non pode conquistar nada. E necesario xá decidirse a empregar co enemigo os seus mesmos procedimentos. E xá veremos quen pode mais.

Use vosté papel de fumar

NOROESTE

O nacionalismo galego na Arxentina

O cultísimo e gran periodista galego Xosé R. Lence, director do diario de Bós Aires "Correo de Galicia", ven publicando n'aquel xornal uns interesantísimos e ben documentados artigos encol do nacionalismo galego. O señor Lence acaba de realizar por Galicia unha excursión para se orientar do estado actual da nosa Terra e primeiro dende aquí e agora xá de volta en Bós Aires está publicando as impresiós por él recibidas e que pol-a sua boa orientación merecen un comentario noso.

N'esos artigos fala da indiscutible realidade do movemento nacionalista en Galicia e d'unha maneira crara e con un gran entusiasmo dino de louba estalles expoñendo aos galegos residentes n'aquela República a situación actual da Galicia e as aspiraciós do pobo galego. Dilles que o movemento nacionalista non é unha cousa indecisa e indefinida como denantes él mesmo coidaba senón que é unha realidade viva, un movemento serio e trascendental no que militan as nosas figuras mais prestixiosas. Fálalles de que é preciso que os galegos emigrados decátense d'esta realidade e contribuyan tamén co seu esforzo e coa sua axuda á labor que aquí en Galicia estamos nós realizando.

No artigo describindo o nomenaxe que se lle rendiu a Asorey, fala da enorme e agrádabre impresiós que lle produxo o atopar n'aquel acto a homes de total-as ideas, galegos ilustres nas artes, nas letras e na política, falando o noso idioma e decrarándose verdadeiros e convencidos nacionalistas. Fala tamén do rexurdimento da nosa fala, dos moitos libros que están aparecendo escritos n'ela e de todo canto se refire a este rexurdir glorioso e firme que na actualidade estase verificando. Dilles que no momento actual en que o Estado hespañol vai de erro en erro e de fracaso en fracaso, Galicia estase organizando n'un xeito completamente nacionalista prometedor d'unha maior libertade para a nosa Patria. Remata decrarándose él tamén, despois de todo o que aquí viviu e veu, fervoroso e entusiasta nacionalista. Señala ao nacionalismo como o único camiño seguro para a nosa libertade e promete facer canto poida para propagal-a na Arxentina.

Tan satisfactoria é a impresiós que nos produxo a lectura dos artigos de Lence, que non podemos deixar de falar d'eles n'estas columnas xá que nos rebelan o seu entusiasmo e nos fan confiar en que aqueles traballos habrán de ser unha chamada aos galegos residentes na Arxentina.

Dende longo se non pode dudar da realidade do actual movemento nacionalista en Galicia. Somentes os interesados en que este non vaia adiante por sairen eles per-

xudicados, poden decir que dubidan do seu realismo, pero no seu interno saben e téñense decatado perfectamente de que non é "macana".

Os nacionalistas organizados agardamos e pedimos axuda e colaboración a todos con tal de seren galegos. Os que viven nas Américas teñen un gran papel que desempeñar n'este movemento vivificador e libertario.

Confiamos en que os artigos de Lence e a labor que el promete realizar haberá de os facer decatarse de obriga que teñen de nos axudar a reconstruír a nosa querida Terra.

Ao señor Lence, a quen dende agora conceituamos como un irmán, enviamos con estas liñas a expresión do noso profundo agradecemento, rogándolle faga canto poida por espallar entre aqueles galegos emigrados o santo ideal nacionalista ao que temos adicados os nosos amores e toda a nosa actividade.

Con elo haberá de realizar unha gran labor patriótica.

En poucas verbas

O notabre compositor galego, noso amigo José Doncel, entrou a formar parte da orquesta Casals, en Barcelona.

"El Noroeste" láyase de que, por desleixamento, xa non esista na Cruña unha agrupación musical tan necesaria para o cultivo da música como era aquela "Filarmónica Coruñesa" que dirixía Doncel.

A nós non nos estrañan eses desleixamentos; sabemos que os nosos ricos sómente se ocupan de rendir adoración ao *cuxo d'ouro*, ou todo o mais do que pode darlles un pouco do relouco barniz aristocrático para locir a súa fachenda con envexa dos *convéneres*.

Peor é d'aqueles que chamándose amantes da música, ou sendo profesionais, axudaron á lle dar morte á aquela valiosa agrupación citada.

Mais, estamos no segredo. Hai quen non podendo ostentar títulos que realcen a súa persoalidade, ou carecendo de xenio creador, poñen todos os seus esforzos en impedir que outros poidan triunfar.

As almas de cacique non existen sómente nos políticos.

* * *

A Felipe Pedreira, *el sabio* profesor que quer convencer á todos do seu talento, e de que sabe asegurarse a *pitanzana*, demostrando constantemente o seu amor a *España*, moito lle molesta que haxa en Galicia quen queira ser galego, quen teña orgullo en ser galego; e chama *burros* e *pilllos* aos nazionalistas.

O mais gracioso é que reconece que os catalás, como *catalás*, outiveron ventaxas para a súa vida, e que aos vascos, por ser vascos, ocurriulles igual.

Mais Felipe Pedreira entende que á pesar d'eso, é mellor que os galegos *lambamos* o pé que nos dá couces, e pidamos homildemente un hoso para roer.

El fai así e vaille ben.

Pero os nazionalistas preferimos pedir as cousas como homes. Felipe Pedreira non comprende ese orgullo de ser persoa que temos os galeguistas.

¡Que lle imos facer!

Tampouco nós comprendemos porqué sendo tan castelanista Pedreira, non troca de apelido.

* * *

Na Hespaña hai marexada.

Martínez Anido, Millán Astray, Millán de Priego, Xuntas, responsabilidades, expediente Picasso, folga d'estudantes, fame, inmoralidade, pouca vergoña... ¡o demo!

E'a descomposición de algo que xa morreu fai tempo. Millor poidéramos decir que nasceu morto. Hasta aquí chega o cheiro que despide. ¡Cómo fede!

TEATRO GALEGO

Escola Dramática Galega

Cóntanse por éxitos as veladas que a "Escola Dramática Galega" ven celebrando no local da "Irmandade" da Cruña.

O domingo 12 celebrou outra na que levou ao taboado a comedia de Galo Salinas "Filla" e o pasatempo de Leandro Carré "Tolerías".

"Filla" gustou como o día que se puxo por vez primeira na "Irmandade" e "Tolerías", representada por primeira vez, agradou tamén moito, sendo o seu autor e os intérpretes moi apraudidos.

Léronse n'esta velada as cuartillas seguintes:

"Filla", de Galo Salinas, e "Tolerías", de Leandro Carré, son as obras que hoxe imos representar. "Filla" representámol-a aínda fai pouco e xa entón falamos do seu autor. Seguindo o costume establecido por esta "Escola Dramática Galega" de cada velada dirixirvos unhas verbas que sirvan de presentación dos autores das obras por nós representadas, queremos hoxe falarvos de Leandro Carré, de quen imos representar unha obra "Tolerías".

Dos escritores galegos que escriben para o teatro, o que mais obras leva feito é Leandro Carré Alvarellos. É verdadeiramente grande o número de obras teatrás que tén escrito. Non imos falar de todas elas, pero si citaremos as mais conosciadas e que teñen dado mais sona ao seu autor. Son: "Enredos", "Pra vivir ben de casados", "Tolerías", "Noite de Ruada", "O corazón d'un pedáneo", estrenado por esta agrupación, e outras varias. Ademais tén aínda sin estrenar unhas seis o sete obras, entre as que figuran tres grandiosos dramas nos que a acción d'eles desenrólase n'un ambiente de señorío. Tres obras de corte fino das que o noso teatro está aínda bastante escaso, pero que afortunadamente van xurdir pouco a pouco. Titúlanse estas obras, "O pecado alleo", "O Engano" e "O Pago". "O pecado alleo" estámol-a ensaiando nós para estrenal-a na Cruña. Ademais, e á medida das nosas forzas, iremos representando as suas obras xa estrenadas e haberemos de estrenar algunhas das que aínda o non foron. En canto ao teatro se refire, non somentes Carré fixo mais que escribir obras, moitas das cales teñen sido premiadas en varios concursos, senón que tamén tén axudado e colaborado moito en algunhas agrupacións cuia finalidade era a de propagar e vigorizar o teatro galego. Aínda fai dous anos que na compañía de Fernando Osorio e Xacobe Casal tivo mentes de constituír a verdadeira e tan necesaria compañía de teatro galego, pero que por circunstancias alleas á vontade dos organizadores se non poido levar a cabo.

Na actualidade, Carré ven dirixindo a "Escola Dramática Galega". E o noso director. Como sabedes, hasta o

ano pasado, nós funcionábase co nome de "Cuadro de decramación da Irmandade da Fala". Mais este ano, ao se encarregar Carré de nos dirixir, quixo darlle mais amplitude á nosa agrupación e co noso aprauso e sincera conformidade propuxo o nome que adoitamos e que mais craramente expresa as nosas arelas. Tamén Leandro Carré, é un gran actor, como poderedes ver en "Filla", e un experto escenógrafo. Unha decoración e algúns detalles para millor presentación das obras que hasta o de agora puxemos n'este ano son feitas por él. Dende o cargo que ocupa na "Escola Dramática Galega" e no que axudáremolle canto poidamos, propónse realizar unha boa obra pol-o espallamento e milloramento do teatro galego.

Despois e aínda do que deixamos dito no que se refire ao teatro, Carré é un dos escritores a quen mais del e a nosa literatura. Colabora en moitas revistas de Galicia e de fora. Como contista é moi conosciúdo e admirado. El fixo o "Compendio da Gramática Galega", que editou a "Irmandade" da Cruña e agora no noso boletín A NOSA TERRA ven publicando un completísimo vocabulario castelán-galego que tan necesario estabase facendo. Foi dos fundadores da "Irmandade da Fala" da Cruña e toda a súa vida, dende a súa primeira mocidade, ven adicándoa á literatura, ao teatro e a todo canto co noso progreso e milloramento teña relación. Aínda é novo e podemos agardar moito do seu craro talento e do seu sincero e entusiasta patriotismo. Non en van pertence Carré a unha familia a quen as letras galegas débenlle moito. O seu pai, D. Euxenio Carré Aldao, de quen non imos falar agora pois aínda fai poucos días dixemos dende aquí algo da súa obra, o seu irmán Pepe, morto moi novo, cando podíamos agardar moito bon para a nosa literatura, outro irmán, Euxenio, tamén dramaturgo e delicado poeta, e Leandro son nomes que terán de figurar sempre na historia do rexurdir da arte e da literatura galegas.

Leandro Carré téñ postas o pensamento e o corazón ao servizo da Terra, adicándolle a maior parte das súas actividades e traballando en varios aspectos pol-o seu rexurdimiento. Pol-o tanto, coidámonos no deber de lle adicar estas sinceras verbas das que xustamente é merecente, hoxe que imos representar unha obra súa que temos seguro haberá de ser do voso agrado.

* * *

Con un abarroto complotado, a "Escola Dramática Galega" representou novamente no local da "Irmandade", o

domingo 19 dos correntes, a comedia de Lúgrís Freire "O Pazo".

O mesmo que a primeira vez, a obra saíu bordada e foron moi apraudidos os intérpretes e o autor.

* * *

Outro novo e grande éxito foi para a "Escola Dramática Galega" a velada celebrada na "Irmandade" o domingo 26. Representou o drama portugués en tres actos "Leonardo o pescador", qu ecomo as demais veces que se téñ representado agradou moito.

Resumen da historia de Galicia

(Continuación)

Despois da morte de Viriato, vítima da traición, parece que a sorte das armas galegas sufriu un troque vendéndose maltreitas por Servilio Cepión. Os nosos abós deixaron d'aquela, de apresentar batallas campás e comenzaron a guerra de sorpresas e pequenos combates con que facían ao inimigo moitas baixas, porque non podía arremiatar d'un tronco con un adversario que lle amostraba un fato de homes que tan presto dábanlle a cara como desaparecían do campo. Para rematar con este estado de cousas foi destinado a mandal-a Hespaña Ulterior Decio Junio Bruto. Este determinou levar os seus soldados hasta o mais alongado confin da Galicia e acabar d'unha vez cos rebeldes (ano 132 a. de C.). Venceu aos lusitán, asolou Braga e invadiu o noso territorio actual que xuzgaba ben facil de conquistar. O país fixo un esforzo. A parte setentrional atacou, pero en condicións isoladas, e foi reprimida nos comenzos parecendo apaciguarse debido a que Bruto, contentábase con abastecer a lexión, impór unha pequena paga e paitar paz e amizade c'os pobos. Betanzos abriulle as portas; Lambre aguantou o cerco e capitulou á derradeira. Libunca non opuxo resistencia e d'ali pasou Bruto a Cinnacia, que s'eresiistiu con heroica firmeza. Os lembriás, arrependidos, trataban de ausiliar aos cinacenses, pero Bruto sábeo a tempo, volve sobre de Lambre, tómaa de novo e perdoa aos vencidos. Este feito de armas e a xenerosidade do romao deron por resultado que poidera pasar por toda Galicia sin ser atacado seriamente. Foi, pois, a Finisterre, fixo sacrificios no templo de aransolis e d'ali partiu a Roma a recibir o trunfo. Pero Galicia non quedaba

(Seguirase).

Compañía Naviera "Stinnes" (Hugo Stinnes Linien)

HAMBURGO

Servicio regular de vapores correios a os portos do **Brasil, Montevideo e Bos Aires**
Proximas salidas da Cruña

Vapor correo **Xeneral Belgrano** 16 de Nadal

Ademitando carga e pasaxeiros de cámara, terceira especial e terceira ordinaria.

Precio do pasaxe en terceira especial: **Plas. 482'10**

Id. id. id. ordinaria: » **407'10**

(Incluídos todol-os impostos)

Os pasaxeiros deben solicitar as prazas co'a maior anticipación, presentándose n'esta Axencia CINCO DIAS antes da saída do vapor.

Para informes dirixirse, ao Axente da Compañía:

Roxelio Fernández Conde - Feijóo, 4-baixo — A Cruña

Xosé Patiño

Bordados Artísticos
Xogos de cama Confeccións
Equipos para noivas

San Felio, 20-Apartado, 37

Palma de Mallorca

Paulino Freire

BOUZAS - VIGO

Sucursaes: en Cruña - Ferrol

Redes d'algodón para tarrafa
Aparellos, armados e en panos, para
barcos pesqueiros
Malletas de abacá e cáñamo alquitra-
nado—Cables de aceiro, ingleses
Aceites minerás e vexetaes, e surtido
compreto para maquinaria e pesca

Santa Lucía, 26 e 28 - A CRUÑA

Fábrica de Xergóns
e catres metálicos

ORZAN, 70

(Frente do Pórtico de San Andrés)

EFECTOS NAVALES

— DE —

Ferrer e Compañía-Sucesores

F. BERTRAN E MIRAMBELL

Vigo e a Cruña

Casa fundada en 1868

Artigos xenerás para equipo da Mariña mili-
tar, vapores, barcos de vela e pescadores.

“Patente-Salvavidas“

O mellor para pintar os fon-
dos dos barcos. Ganou Di-
proma de Honor, Gran pre-
mio e medalla de ouro nas
Exposicións de París-Londres.

REPRESENTANTE:

F. Bertran e Mirambell
VIGO-CRUÑA

ZINCKE HERMANOS

LIBRERÍA — PAPELERÍA

IMPRENTA

Cantón Grande, 21—Estrella, 37

A CRUNA

FARMACIA EUROPEA

— DE —

Lopez Abente

— REAL, 55 —

A mellor surtida da Cruña e un dos estabre-
cimientos da sua cras que mais honran a Gali-
cia. Montada con arrego aos derradeiros adian-
tos.

Alfredo Lastres Canosa

“La Encajera Española“

Fábrica de encaixes de fio
Tecidos a man. Especialidade en
aplicacións

Exportación Ibero-Americana

Almagro (Ciudad Real)

Novos Almacenes Coruñeses

Tecidos nacionás e estranxei-
ros Vendas por maior e menor

Fonte de San Andrés, 18, 20 e 22

A Cruña

Fillos de H. Hervada

Casa fundada en 1865

A CRUÑA

FERRETERÍA, QUINCALLA, MUEBLES,
MAQUINARIA AGRÍCOLA, PEDRAS
FRANCESAS PRA MUIÑOS, ETC., ETC.

Grandes Almacés de Tecidos

NUEVO MUNDO

SECCIÓN DE SASTRERÍA E CONFECIÓNS

Inmenso surtido en Panos da Rexión
e Estranxeiro. Confeciónanse toda crás
prendas para mulleres, homes e nenos.

SAN ANDRÉS, 41 e 43—Teléfono 256

A CRUÑA

Sobriños de José Pastor

BANQUEIROS

Casa fundada en 1776

A Cruña, Vigo, Lugo e Orense

Quen non teña luz eléctrica pódea ter ainda mais
brillante e branca pol-o ACETILENO, producida
pol-o xenerador e totalizador helióxenos. Novo
aparato hispano-argentino sistema

FREY-TORS e GONZ-LAG

Premiado na exposición do centenario Arxentino en 1910.
Gran diploma d'honor na Exposición Muestrario da Cru-
ña en Agosto de 1919

Liras, Tulipas, Boquillas, Brazos e Arañas

Venda de Carburos

FREIXEIRO e FILLO - Cordoneria, 10, baixo - A CRUÑA

COMPañÍA CHARGEURS REUNIS

COMPAGNIE DE NAVIGATION SUD-ATLANTIQUE

Saídas fixas mensúas directamente d'este porto para os do Brasil, Montevideo e Bós Aires, dos maníficos vapores rápidos a dúas hélices e de 16.000 toneladas de desplazamento:

DATA

VAPOR

17 de Nadal

D U P L E I X

Ademiten pasaxeiros de 1.^a, 2.^a, 3.^a especial e 3.^a corrente.

Prezos:	3. ^a especial en camarotes, comedores e salón de conversa . . .	Pesetas	482'10
	> 3. ^a en camarotes, comedores e salón de conversa!	>	427'10
	> 3. ^a corrente	>	407'10

Nenos menores de dous anos, un gratis por cada familia; de dous a cinco anos, cuarta pasaxe; de cinco a dez anos, media pasaxe; maiores de dez anos, pasaxe enteira. É necesario presentarse nesta Axencia cinco días antes da saída do vapor. Para mais informes dirixirse aos seus Axentes Xenerás en Hespaña:

ANTONIO CONDE Fillos - Plaza de Ourense, 2 - A CRUÑA

Telegramas e telefonemas: "Chargeurs"

Garage ALONSO

DE

Alfredo Alonso, S. en C.
LA CORUÑA

GARAXES { Betanzos, 3
Rosalia Castro, 1-3-5
Xoán Flórez, 138

Oficiñas e despacho:
Xoán Flórez, 55 e 57

Dirección Telegráfica
e Telefónica:
Garaxe "ALONSO"

Teléfono urbano:
Oficiñas, núm, 417
Garaxe, núm. 517

Liña directa coa inter-
urbana

Conta corrente cor:
Banco de Hespaña
Banco Hespagnol do
Rio da Plata

Banco Hisp. Americ.º
Sobriños de J. Pastor



Automóviles
Accesorios
Neumáticos

Bandaxes macizos
«CONTINENTAL»
con prensa hidráulica
para o seu montaxe

Aceites e graxas
das
Mellores marcas

Automóviles
de alquiler

Comisións
e
Representacións

GASOLINA
vendas ao por
maior e menor


IMPORTACIÓN DIRECTA

Representación exclusiva das marcas MINERVA, ESSEX,
HUDSON, BIGNAN SPORT

Servicio regular de autocamiós de transporte entre a Cruña Santiago,
e viceversa

OS MAIS IMPORTANTES GARAXES DE GALICIA

COMPAGNIE GENERALE TRASATLANTIQUE

Vapores Correos de gran velocidade  Servicios directos dende o porto da Cruña

Próximas saídas **DIRECTAMENTE** da Cruña

Vapor Espagne 23 de Nadal

PRECIOS EN CÁMARA		HABANA	VERACRUZ
Primeira crase (varias categorías)	Ptas.	1.650 a 5.000	1.800 a 5.250
Segunda crase	»	1.250 a 1.275	1.300 a 1.325
Preferencia	»	825	875

Precios en terceira, incluídos impostos: Habana, pesetas 565'50, Veracruz 602'50

A estos precios hai que añadir os impostos

Os pasaxeiros terán de presentarse n'esta Axencia cinco días antes da saída.—Ademiten carga.

Para toda crás de informes dirixirse ao seu consignatario:

D. NICANDRO FARÍÑA, Rúa de Compostela, esquina a Praza de Lugo-A CRUÑA

Lloyd Real Holandés

KONINKLIJKE HOLLANDSCHE LLOYD

AMSTERDAM

SERVICIO POSTAL RÁPIDO A AMÉRICA DO SUR

Próximas saídas da CRUÑA para **Pernambuco, Bahía, Río Xaneiro, Santos Montevideo e Bos Aires,**

Orania 2 de Nadal

Flandria 16 de »

Admiten carga e pasaxeiros de Primeira, Segunda, Intermedia e Terceira crase.

Precio do pasaxe en 3.^a cras, **Ptas. 400** más impostos.

NENOS, menores de 2 anos, gratis; de 2 a 5 anos, cuarto pasaxe; de 5 a 10, medio pasaxe; de 10 anos, pasaxe enteiro.

Para cumprimentar as disposicións argentinas é indispensable que todo paraxeiro presente a documentación con **5 días** de anticipación a data de saída

PARA PRECIOS DE CÁMARA e prazas disponibles o **Agente General da Compañía en España:**

D. Raimundo Molina e Couceiro, -Consignatario Representante xeneral da Compañía en Hespaña.—**Marina, 22—A Cruña**

BANCO HISPANO-AMERICANO

==== **MADRID** ====

Capital: 100 millóns de ptas.

Dirección telegráfica: HISPAMER

SUCURSAES E AXENCIAS

Albacete, Alcoy, Alicante, Antequera, Badajoz, Barcelona, Bilbao, Cádiz, Calatayud, Cartagena, Cruña, Cabra, Cáceres, Castellón, Ejea de los Caballeros, Figueras, Granada, Gerona, Huelva, Huesca, Játiva, Jaén, Jerez de la Frontera, Logroño, Las Palmas, Lérida, Lorca, Málaga, Murcia, Olot, Palma de Mallorca, Pamplona, Ronda, Sevilla, Soria, Tanesa, Tudela, Valdepeñas, Valencia, Valladolid, Villafranca del Panadés e Zaragoza

Compra e venda de valores hespañoes e extranxeiros. — Custodia de alhaxas e valores. — Desconto e cobro de cupós, títulos amortizados e billetes de Lotería.

Troque, compra e venda de billetes e moedas extranxeiras. — Cartas de creto, e xiro sobre todo-os países. — Cobro e desconto de letras. — Préstamos e contas de creto sobre valores nacionais e extranxeiros. — Contas correntes en pesetas nas que abona intereses aos tipos seguintes;

2	por	100	ao ano nas cartas disponibles,	â	vista.
2 1/2	por	100	id. id.	a	3 meses data.
2 3/4	por	100	id. id.	a	6 id.
3	por	100	id. id.	a	1 id.

Tamén abre contas en moeda extranxeira abonando intereses a tipos convencionaes.